

¿Como
reutilizar?

Manual para o fogar

O problema dos residuos é un dos principais problemas ambientais actuais da nosa sociedade ¿sabes por que?: É a nosa cultura de “usar e tirar” a que fai que a xeración dos residuos se incremente de maneira constante. O problema ambiental que causan moitos dos residuos comeza na súa orixe, xa que os hai que proveñen de fontes de enerxía non renovables, esgotando así os nosos recursos enerxéticos, minerais ou productivos. Tamén ao estar producidos artificialmente por substancias diferentes ás naturais fan que sexan non biodegradables, co que permanecen no ambiente nun período longo de tempo.



Que podemos facer nós?

Desde **Amigos da Terra** propoñemos a regra das 3R (Reducir en orixe, Reutilizar e Reciclar) como a mellor das solucións para reducir a problemática dos residuos, e coa información que atoparás neste folleto pretendemos que sexa máis doado levala á práctica na nosa cidade de Ourense.

Reducimos residuos en orixe se eliximos produtos coa menor embalaxe posible, ou tamén se mercamos envases con maior capacidade de produto porque así conseguiremos que se fabriquen menos botellas, latas, plásticos... tamén reducimos se levamos a nosa propia bolsa da compra.

Reutilizamos cando mercamos en tendas de 2ª man, se empregamos o papel usado polas dúas caras, cando tinguimos roupa e volvemos a usala, cando cedemos muletas, cadeiras de rodas que xa non precisamos...

Reciclamos cando transformamos un residuo en algo útil, por exemplo cando cos xornais e o papel usado fabricamos papel reciclado, ou cando facemos compost (abono orgánico) cos desperdicios vexetais das nosas casas.

ROUPA

Cáritas

Rúa do Vinteún (zona vinteún - Instituto «Julio Prieto Nespereira») - Ourense

Tel.: 988 236 819 / 677 502 665

- Roupas novas
- Roupas usadas que estea en condicións de ser utilizadas
- Calzado en boas condicións
- Complementos de vestir (bolsos, cintos).
- Tamén recollen e prestan cadeiras de bebés

Cruz Vermella

Rúa Díaz da Banda 40 - Ourense

Tel.: 988 222 484

O departamento de drogodependencias é o que se encarga de recoller roupa usada.



MOBLES

Rastro Remar

Rúa Coruña, 32 - Avda de Santiago, 109 - Ourense

Tel.: 988 214 602

Compra-venta de todo tipo de mobles: camas, mesas, librerías, lámpadas, frigoríficos, dormitorios, fregadeiros, aparadores, antigüidades, etc.

Chamando ó seu teléfono acercaranse pola túa casa a recollerche as cousas.

Todo en artigos de segunda man


Mobles Carracedo

Rúa Hernán cortés, 32 - Ourense

Tel.: 988 245 604

Compra-venta de mobles, electrodomésticos, lámpadas, libros, adornos, máquinas de coser, cadeiras de bebés, reloxos, cadros, guitarras, aparatos de música.

Recóllenche o que non precisas e sexa útil, na túa casa e sen custe algún para ti.



MOBILES

Cruz Vermella

Rúa Díaz da Banda, 40 - Ourense

Tel.: 988 222 484

Todas as compañías de telefonía móbil recollen os teléfonos usados nas súas tendas e algunhas delas incluso abóanche unha cantidade de diñeiro. Ademais existe unha campaña de Entreculturas na que colaboran **Cruz Vermella** e o **BBVA**, que consiste en que os móbiles en desuso cámbianos por proxectos educativos, de desenvolvemento e de integración.



OCIO

Atlantis

Rúa Nova, 7 baixo - Ourense - Tel.: 988 255 374

Compra-venta de discos de vinilo, cds, xogos, consolas, dvds, móbiles, cómics, dicionarios e todo tipo de libros.

Daily price

Rúa Manuel Pereira, 24 - Ourense

Tel.: 988 603 499

Compra-venta de todo tipo de soporte dixital: cds, dvds e videoxogos con 7 días de garantía para comprobar o seu bo estado.



Cruz Vermella

Rúa Díaz da Banda, 40 - Ourense

Tel.: 988 222 484

O Departamento de Xuventude recolle xoguetes e libros todo o ano.



OUTROS

Cruz Vermella

Rúa Díaz da Banda, 40 - Ourense

Tel.: 988 222 484

Por departamentos:

Centro de día: ten un servizo de préstamo ou aluguer de axudas técnicas: cadeiras de rodas, muletas, andadores, guindastres, camas eléctricas, colchón anticaras, cadeiras de baño.

DONA O QUE XA NON PRECISES!

Dep.. Drogodependencias: só este departamento recolle roupa.

Dep.. Xuventude: recolle xoguetes e libros todo o ano.

Que pasa cos residuos que non se poden reutilizar?

É fundamental a separación selectiva nas nosas casas e unha posterior colocación no seu contedor correspondente para que a cadea da reciclaxe non se pare.

COLECTOR AMARELO

Envases e embalaxes plásticos; Botellas e botes de plástico, envoltorios de plástico e de aluminio, latas de bebidas e de conservas, tapas metálicas de botes e botellas, envases tipo bricks. Non botes papel, vidro ou materia orgánica.

COLECTOR AZUL

Papeis e cartóns; Caixas, papeis e cartóns soltos, xornais e revistas, folletos publicitarios, envoltorios de papel.

IGLÚ VERDE

Envases de vidro; Botellas, tarros, frascos de vidro. Non botes cerámica, nin as tapas ou tapóns dos envases.

COLECTOR VERDE

Xenérico; Materia orgánica e todo o lixo que non teña cabida noutros colectores.

EXISTEN RESIDUOS QUE PRECISAN UN TRATAMIENTO

Puntos limpos

Teléfono información: 988 383 795

- Santa Mariña (ao lado do cemiterio)
- Vilar de Astrés - Eiroás

Horarios: de luns a venres 10:00 h. a 14:00 h. e das 17:00 h. as 20:00 h. | Sábados 09:00 h. a 14:00 h.

Resíduos especiais:

Aerosois (max. 10 envases); fluorescentes (max. 3 und); disolventes, pinturas e vernices (max. 1 Kg); radiografías, pilas; aceites minerais e vexetais (max. 5 l).

Outros residuos:

Entullo de pequenas obras (max. 25 Kg); ferralla; podas ou segas de herba (max. 2 m³).

Servicio de recollida a domicilio

(tamén se poden levar persoalmente aos puntos limpos)

Tel.: 988 383 795 | 988 226 327 (só os mércores)

(hai que acreditar residir en Ourense co DNI ou outro documento).

Resíduos voluminosos:


Mobles, colchón, electrodomésticos e similares.

Resíduos municipais e asimilables:

Papel, vidro, envases de plástico, latas, bricks, téxtiles.

Recollida en domicilio de residuos voluminosos:

(electrodomésticos, mobles, colchóns e similares).



Residuos de coche

Despezaementos

Aquí poderemos deixar o noso vehículo ao final da súa vida útil. O único certificado a data de 22 de decembro do 2004 na provincia de Ourense é:

DESGUACES GOMEZ ALEN S.L.

**Coles Estrada de Santiago Km. 246 - Gastei. 32152
Ourense. Tel.: 988 204 217**

Outros:

Pneumáticos

O sitio onde che poñen os pneumáticos novos teñen a obriga de recollerche os vellos e xestionalos adecuadamente.

Aceite

Nos puntos limpos, nos talleres, nas estacións de engraxe, nos garaxes

Baterías

Os puntos limpos e nos despezaementos

Se tedes calquera dúbida ou precisades máis información podedes poñervos en contacto con nós no teléfono 988 374 318 ou pasándovos polo noso local situado na rúa curros enriquez, 19 – 1º interior. Tamén podedes pedir información na concellería de medio ambiente no teléfono 988 388 135 ou nas súas oficinas da rúa arcediagos nº 9-baixo.

Colaboradoras:

Clara Álvarez

Eleonore Lescastreires

Cristina Gómez

Gustavo Cochón

